



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

# **ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA**

## **PLANO DE ACCIÓN TITORIAL**

**INDICE:**

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. OBXECTIVOS**

**2.1 OBXECTIVOS XERALES**

**2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

**2.3 ACTIVIDADES E INTERVENCIÓNS.**

**3 CRONOGRAMA**

## 1.- INTRODUCCIÓN

O Plano de acción Titorial (PAT) da escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, foi deseñado de acordo cas directrices marcadas pola Universidade da Coruña e as do Espazo Europeo de Ensino Superior coa pretensión de facilitar a integración e implicación dos estudantes de novo ingreso , e o seguimento ao longo da súa permanencia no Centro.

A acción titorial pretende acompañar aos estudantes no seu proceso de desenvolvemento académico e persoal dende o seu ingreso na universidade, favorecendo o coñecemento, análise e reflexión das súas opcións para a posterior toma de decisións na súa traxectoria académica. Entendese a orientación como un sistema de interacción social rexido por normas, valores, actitudes, expectativas...

O PAT fundamentase nas necesidades que presentan os estudantes e concretase nas accións /actividades do mesmo dirixidas á satisfacción de ditas necesidades e inquietudes.

Algúns autores puxeron de manifesto que as principais dificultades e necesidades que teñen os estudantes de novo ingreso son:

- Descoñecemento da universidade como institución
- Problemas académicos
- Descoñecemento do plano de estudos
- Escaso dominio de estratexias para a aprendizaxe
- Descoñecemento das saídas profesionais
- Problemas a nivel social e persoal.

Esta problemática faise mais evidente en estudantes con determinados perfíles, situacións persoais e educativas especiais ( estudantes a tempo parcial, estudantes con actividade laboral, persoas con discapacidade).

Apoiar aos estudantes para afrontar estas dificultades xustifica as actuacións previstas no PAT da Escola de Enfermaría. A través desde programa e as súas accións pretendese favorecer a excelencia académica, a formación integral e a atención a tódolos estudantes do Centro, con un abordaxe integral as súas necesidades propiciando a súa integración en todos os ordes e actividades do Centro e da Universidade.

## **2.- OBXECTIVOS**

### **2.1. OBXECTIVOS XERAIS**

- 1. Facilitar o proceso de integración dos estudantes de novo ingreso**
- 2. Apoiar , favorecer e mellorar o proceso de formación dos estudantes.**
- 3. Orientar aos estudantes na súa traxectoria curricular dento da titulación e no mundo laboral.**

### **2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- 1. Facilitar o proceso de integración dos estudantes de novo ingreso**
  - Apoiar a integración do alumno de novo ingreso na Escola
  - Facilitar información daqueles aspectos relacionados coa institución e a Universidade que o alumno solicite.
  - Animar a participación nos órganos de representación do Centro..
  - Orientar sobre os servizos que oferta a Universidade
- 2. Apoiar , favorecer e mellorar o proceso de formación dos estudantes.**
  - Detectar as trabas que se lle presentan no estudio.
  - Orientar ao alumno no seu proceso de formación.
- 3. Orientar aos estudantes na súa traxectoria curricular dento da titulación e no mundo laboral.**
  - Asesorar na construción do curriculum académico.
  - Orientar e servir de apoio no paso do mundo académico ao laboral.

### **2.3. ACTIVIDADES E INTERVENCIONES.**

Para a consecución dos obxectivos, planifícanse e organízanse dous grupos de actividades claramente diferenciadas atendendo ao seu carácter ou tipoloxía.

A. Actividades e intervencións dirixidas a grandes grupos:

- Actividades planificadas sistematicamente cada curso académico, dirixidas a grupos de estudantes con necesidades xenéricas, organizadas pola Escola : programa de acollida, programas de intercambio, xornadas de saídas profesionais.
- Actividades organizadas e planificadas segundo as necesidades detectadas ou demanda dos estudantes: Memoria do Título, Acceso a 4º de Grao.

B. Actividades e intervencións individuais ou en pequenos grupos

- Titorías grupais, planificadas ou a demanda dos estudantes
- Titorías individuais planificadas ou a demanda dos estudantes

### **3.- CRONOGRAMA**

As actividades realízanse co seguinte cronograma xenérico:

#### **1º. Programa de acollida (ao inicio do curso segundo a organización da universidade)**

- Información xeral sobre a titulación e presentación do curso académico (Directora e Secretaria académica)
- Información xeral sobre o Centro e a Universidade (Directora)
- Presentación do PAT (Coordinadora)
- Presentación do SIGC do (PRCC).
- Presentación Programas mobilidade e intercambio (Coordinadora)
- Presentación da oficina de voluntariado da UDC ( Persoal do servizo)
- Presentación e información xeral sobre a biblioteca e planificación dos cursos de formación ( Directora e/ou persoal da biblioteca).

#### **2º. Mes de setembro ou outubro**

- Confirmación do profesorado titor, novas incorporacións ( Dirección).
- Planificación xeral do PAT para o curso académico ( Coordinador, titores e dirección)
- Asignación de estudantes aos titores (Coordinadora)
- Información xeral sobre o plano de estudos, guías docentes das materias para os estudantes de novo ingreso (Responsable de titulación)
- Información sobre o PAT, obxectivos e actividades. Presentación dos respectivos titores (Coordinadora).
-

### **3º. Durante o primeiro cuadrimestre**

Profesor tutor: programación de titorías (individuais e grupais) para:

- Presentar o funcionamento e obxectivos das titorías
- Informar sobre as exixencias da titulación para superar con éxito as materias que conforman os distintos cursos da carreira.
- Detectar as deficiencias/ necesidades dos estudantes.
- Orientar aos estudantes de 4º curso para a realización do Prácticum e o Traballo de fin de grao

Profesor tutor: organización das actividades complementarias: Orientación sobre programas de intercambio, SICUE, ERASMUS

### **4º. Final primeiro cuadrimestre (xaneiro/ febreiro)**

- Revisión de logros e deficiencias. (Titores e coordinador)
- Planificación do segundo cuadrimestre. (Titores e coordinador)
- Formulación de propostas para os problemas detectados (Titores e coordinador).
- Transmitir á dirección as novas propostas xerais acordadas (Coordinadora)

### **5º. Durante o segundo cuadrimestre**

Profesor tutor: programación de titorías (individuais e grupais) para:

- Detectar as deficiencias/ necesidades dos estudantes.
- Orientación aos estudantes de 2º curso sobre a optatividade.

Organización das Xornadas de Saídas Profesionais e Autoemprego para os estudantes do último curso (Dirección )

### **6º. Final segundo cuadrimestre (mes de xullo)**

- Informe/ memoria dos profesores titores do PAT do curso
- Revisión das actividades realizadas
- Propostas de modificación e mellora do PAT
- Coordinadora: recollida de datos dos profesores titores e elaboración do informe/ memoria do PAT do curso.